



Consello de Galiza

Bós Aires, 16 de outono de 1965.-

Siñor
Francisco Xavier Alvajar,
París - Francia

Distinto irmán:

Respostamos á súa moi cordial do 6 do CTE a que en verdade nos enche de ledicia ao comprobar a aitividade que con tanto acerto Vde. desenrola en nome e representación diste Consello de Galiza. Xuntamente recibimos información sobor da Asociación "Amigos del País", de Pamplona, e unha relación das persoas que asistiron dende o interior da Hespaña ó Congreso Eistraordinario do Movimento Europeo realizado en Cannes. Tamén nos chegou por outro correo a fotografía que na súa carta nos antela, a credencial que a Vde. lle foi otorgada para que asistira ó dito Congreso, follas xornalistas e moitos e valiosos informes máis. Todo o coal lle agradecemos moitísimo.

Os seus informes son de moito valor pra nós, irmán Alvajar, e lle reiteramos o noso maior recoñecemento. En canto a toda isa información complementaria que nos manda, xa lle dimos así de corrido unha ollada,alcontrando cousas moi intresantes. Con máis vagar, lle daremos un estudo máis a fondo, pois en verdade, que non ten desperdicio. A Decraración de Bruselas, a Resolución do Congreso de Cannes, o Programa de traballo, a importancia eistraordinaria que os xornales de Francia lle deron ó Congreso, o escrito en castelán "Colonia Española", o análisis do Dr. J. Zijlstra, a Decraración do Instituto de Estudos Europeos de Barcelona, a lista completa dos congresistas coa representazón que levaron..., todo, todo é diño de estudo.

Nin que decir ten que estamos moi dacordo en que Vde. concurrira ó Congreso Eistraordinario do Movimento Europeo, e que o seu pensamento interpeta ás cheas o noso sentir patriótico. !Lástima que non sexa posibel facer nise senso todo o que desexamos e que Vde. con moita agudez tantas vegadas nos sinala!

En canto ós gastos do seu viaxe a Cannes, moito lle agradecemos nos diga cánto importan, para lle remesar isa suma, xunto con algo máis que lle debemos xirar, para gastos comúns da delegación.



Consello de Galiza


En segundo termo, compre lle decir con cánta satisfacción ollamos o modo ia maneira como se desenrolou o Congreso, ia posición firme dos hespañoles republicans eispresada por meio do profesor Llopis, que determinioun sin dúbida isa resolución derradeira a que o dito Congreso arribou. Referímonos ó discurso de crasura de Maurice Faure respeito da Hespaña e no tocante ó seu réxime político, estabrecendo como condición inexcusabel a de que para participar do Mercado Común é mester trocar virtualmente o proceder ditatorial por unha política de xeito liberal e democrático.

Respeito da Conferencia de Roma, quedamos informados, agradescéndolle nos teña ó tanto do que no inmediato porvir susceda.

En canto a Irmandade Galega ia promesa que ainda ten sin cumprir con Vde., xa insistimos diante istes irmáns, para que de contado lle dían cumprimento. E o menos que podemos facer.

Sin máis que lle decir por hoxe, e repetindo unha vegada máis que moito nos comprace a súa situación, o saudamos co maior recoñecemento ia cordialidade de sempre.

Polo Consello de Galiza:


Antón Alonso Pérez
Segretario de Goberno
e Coordinación Xeral

P.D.= Prégolle nos diga na súa próisima,
si rescibe regularmente o Boletín.